

COMPETENCIAS

BÁSICAS

CB6 - Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.

CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.

CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.

CB10 - Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permita continuar estudando dun modo que terá que ser en boa medida autodirixido ou autónomo.

XENERAIS

G1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

G2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.

G3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

G4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

G5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

G6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

G7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

G8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1 - Capacidade de análise e síntese.

T2 - Capacidade de adaptación a situacións novas.

T3 - Traballar de forma autónoma e con iniciativa.

T4 - Traballar de forma colaborativa.

T5 - Capacidade de organización e planificación en ámbitos educativos disciplinares e interdisciplinares.

T6 - Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos escolares e non escolares.

T7 - Comportarse con ética e responsabilidade social e ambiental como docente e/ou investigador.

T8 - Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.

T9 - Incorporar as TIC no proceso de investigación e a xestión da información, a análise de datos e a difusión e comunicación de resultados.

T10 - Ter capacidade para actualizar os coñecementos, as metodoloxías e as estratexias na práctica docente.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

E1 - Coñecer as bases teóricas do traballo interdisciplinar e identificar os seus centros de interese en contextos escolares e non escolares.

E2 - Identificar e analizar criticamente propostas interdisciplinares no ámbito educativo.

E3 - Diseñar, xustificar, organizar e avaliar de forma sistemática propostas interdisciplinares en distintos contextos educativos.

E4 - Desenvolver a competencia lingüística en lingua estranxeira orientada cara á docencia nas áreas específicas.

E5 - Adquirir unha formación metodolóxica para realizar investigacións educativas.

E6 - Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación.

E7 - Capacidade de aplicar coñecementos teóricos relativos ás Didácticas Específicas, tanto á investigación como á innovación e a avaliación.

E8 - Ser capaz de defender e argumentar de forma oral e escrita o traballo de investigación e/ou innovación realizado, utilizando, de ser o caso, recursos audiovisuais de apoio.

E9 - Ensañar e avaliar formulacións de ensino disciplinares ou interdisciplinares en contextos educativos reais, e promover propostas de mellora en relación cos resultados obtidos.

E10 - Coñecer os fundamentos teóricos que sustentan a investigación e innovación no ámbito das Didácticas Específicas.

E11 - Coñecer, comprender e utilizar a linguaxe científica e aplicala correctamente nas distintas formas de expresión e comunicación.

E12 - Identificar as principais liñas de investigación e innovación e a súa evolución nas Didácticas Específicas.

E13 - Analizar e valorar criticamente investigacións e proxectos de innovación en ámbitos disciplinares específicos.

E14 - Coñecer diferentes tipos de metodoloxía que se empregan na investigación educativa considerando a súa pertinencia para a resolución de problemas concretos.

E15 - Identificar criterios de calidade e control, tanto na investigación como na práctica docente, fomentando o espírito crítico, reflexivo e innovador.

E16 - Diseñar, xustificar, organizar e avaliar propostas para a investigación e a innovación no ámbito das Didácticas Específicas.

E17 - Seleccionar, adaptar e aplicar materiais e recursos TIC e doutra índole, para mellorar o ensino e a aprendizaxe das diferentes ámbitos disciplinares.

E18 - Recoñecer a investigación e a innovación aplicada ás ciencias da educación como ferramenta continua de innovación e mellora educativa e social.